



RESOLUCIÓN

ASUNTO: Adxudicación de horarios de uso dos pavillóns aos clubs deportivos de Oleiros na temporada 2024-2025.

Antecedentes:

I.- Mediante Resolución da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 2024001363, de 15 de marzo de 2024, abriuse o prazo para que as entidades deportivas do Concello presenten as súas solicitudes de uso dos pavillóns deportivos para a realización de adestramentos na nova temporada 2024/2025, e fixéronse certas normas para a tramitación deste procedemento.

II.- Mediante Resolución da Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 2024002154 de 26 de abril de 2024, determinouse o baremo a aplicar para a adxudicación de número de horas semanais de uso das instalacións deportivas por parte das entidades solicitantes, así como os criterios a aplicar para a distribución de espazos.

III.- Rematado o prazo de solicitudes elaborouse unha proposta de resolución por parte do Técnico Municipal de Deportes que foi notificada aos interesados, abríndose un prazo de alegacións de 10 días.

IV.- En data 16/05/2024 (Rx. Entrada nº 2024010131) foi presentada unha alegación polo Club de Ximnasia Oleiros Rítmica e Estética (en diante CXO).

V.- Mediante Resolución da 5ª Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 2024002989 de 4 de xuño de 2024 resolvéronse as alegacións, admitindo unha delas referida a un erro no cómputo do número de licenzas, de xeito que en lugar de computar 171 licenzas deportivas, cómpre computar 181. Como consecuencia, corresponde a este club un incremento no horario adxudicado de 30 minutos. Este incremento afecta nunha diminución proporcional nas horas que inicialmente correspondían á Agrupación Deportiva Valle Inclán.

As demais alegacións efectuadas por este club foron desestimadas.

VI.- En data 05/06/2024 emitíuse polo Técnico de deportes informe de adxudicación definitiva de horarios, a vista da estimación da alegación devandita

Fundamentos

1.- ATRIBUCIÓN DE Nº DE HORAS SEMANAIS DE USO.- Efectuouse a valoración das solicitudes tendo en conta os criterios de adxudicación de horarios establecidos no Regulamento de utilización das instalacións deportivas municipais, desenvolvido pola Resolución da 5ª Tenente de Alcalde,



delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica nº 2024002154, de 26 de abril.

O nº de horas totais dispoñibles cada semana no conxunto das instalacións son **185,5 horas**.

2.- DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS DEPORTIVOS.- A distribución das horas semanais efectivas nos espazos deportivos dispoñibles realizouse tendo en conta os criterios establecidos na Resolución devandita.

Ante a crecente demanda de horarios de uso por parte dos clubs deportivos, o Servizo de Deportes solicitou á Universidade da Coruña o uso do pavillón “Alberto Areces Gayo”(Inef Galicia), coa finalidade de incorporar esta instalación á distribución de horas uso por parte dos clubs deportivos oleirenses. Dada a resposta afirmativa da UDC, a súa instalación pasa a formar parte, xunto cos pavillóns municipais de Rabadeira (Oleiros); Valle Inclán (Perillo); Arsenio Iglesias (Sta. Cruz); José Antonio García Nieto (Canide) e o pavillón de Bastiagueiro, da rede de instalacións que son incluídas na distribución de uso horario.

Á vista do exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar o uso de pavillóns deportivos ás seguintes entidades no número de horas á semana que se detallan:

CLUB	HORAS/SEMANA
A.D.VALLE INCLAN	28,50
BÁDMINTON CLUB CORUÑA	17,00
CLUB BALONCESTO OLEIROS	2,00
CLUB BALONMAN ATLÁNTICO	21,50
CLUB HOCKEY OLEIROS	31,00
CLUB PATINAXE OLEIROS	19,00
CLUB TENIS DE MESA BREOGAN OLEIROS	9,00
ESCOLA DE XIMNASIA RITMICA e ESTÉTICA OLEIROS	29,50
S.C.D. RABADEIRA	6,00
CLUB VOLEIBOL OLEIROS	22,00

Segundo.- Realizar a seguinte distribución dos espazos deportivos, tendo en conta os de titularidade municipal e os de uso permitido por outras institucións:

1.- AD Valle Inclán					
Instalación/Activ.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M./Canide Baloncesto	18:00 a 23:00	17:00 a 18:00½ pista 18:00 a 23:00	18:00 a 23:00	17:00 a 18:00½ pista 18:00 a 23:00	18:00 a 23:00
P.M.Arsenio Iglesias	21:00 a 22:30				





2.- Club Bádminton Coruña						
Instalación/Activ.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
P.M.Bastiagueiro/ Bádminton	18:00 a 19:30 pista completa. 19:30 a 22:30 ½ pista. 22:30 a 23:00 pista completa	20:00 a 21:00 pista completa. 21:00 a 22:00 ½ pista	20:00 a 22:00 ½ pista. 22:00 a 23:00 pista completa	20:00 a 21:00 pista completa. 21:00 a 22:00 ½ pista	20:00 a 22:00 ½ pista. 22:00 a 23:00 pista completa	9:30 a 11:30

3.- Club Baloncesto Oleiros		
Instalación/Activ.	Martes	Xoves
P.M. Bastiagueiro/Baloncesto	22:00 a 23:00	22:00 a 23:00

4.- Club Balonmán Atlántico					
Instalación/Activ.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M.Perillo Balonmán	18:00 a 23:00		17:00 a 18:00 ½ pista. 18:00 a 19:00 Pista completa		
P.M. Bastiagueiro		16:30 a 18:30		17:00 a 18:30	17:00 a 19:00 pista completa 19:00 a 20:00 ½ pista
P.M.Arsenio Iglesias				21:00 a 23:00	21:00 a 23:00
P.M. Rabadeira			21:00 a 23:00		
Pavillón Alberto Arces Gayo. Inef Galicia	19:30 a 21:30				

5.- Club Hóckey Oleiros					
Instalación/Activ.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
P.M.Rabadeira/ Hóckey patíns	17:00 a 18:30; 21:30 a 23:00	17:00 a 23:00	17:00 a 21:00	17:00 a 23:00	19:00 a 22:30
P.M.Arsenio Iglesias. Sta. Cruz		17:00 a 18.30		17:00 a 18:30	16.30 a 18.00
Pavillón Alberto Areces Gayo. Inef Galicia					17:00 a 21:00

6.- Club Patinaxe Oleiros						
Instalación/Activ.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
P.M. Arsenio Iglesias. Sta. Cruz/ Patinaxe Artístico	18:00 a 21:00	18:30 a 21:00	18:00 a 21:00	18:30 a 21:00	18.00 a 21.00	9.00 a 14.00



7.- Club Tenis de mesa Breogán			
<i>Instalación/Activ.</i>	<i>Luns</i>	<i>Mércores</i>	<i>Venres</i>
P.M.Bastigueiro/ Tenis de mesa	19:30 a 22:30 ½ pista	19:00 a 22:00 ½ pista	19:00 a 22:00 ½ pista

8.- Club Ximnasia Rítmica e Estética de Oleiros						
<i>Instalación/Activ.</i>	<i>Luns</i>	<i>Martes</i>	<i>Mércores</i>	<i>Xoves</i>	<i>Venres</i>	<i>Sábado</i>
P.M.Rabadeira/ Ximnasia rítmica	18:30 a 21:30				16:00 a 19:00	10:00 a 14:00
P.M. Bastigueiro			17:00 a 19:00 pista completa. 19:00 a 20:00 ½ pista			11:30 a 14:00
Pavillón Alberto Areces Gayo. Inef Galicia,	17:00 a 19:30	17:00 a 21:00	17:00 a 21:00	17:00 a 21:00		

9.- SCD Rabadeira				
<i>Instalación/Activ.</i>	<i>Luns</i>	<i>Martes</i>	<i>Mércores</i>	<i>Xoves</i>
P.M. Bastigueiro		18:30 a 20:00		18:30 a 20:00
P.M. Arsenio Iglesias. Sta. Cruz/ Patinaxe Velocidade		21:00 a 22:30	21:00 a 22:30	

10.- Club Voleibol Oleiros					
<i>Instalación/Activ.</i>	<i>Lunes</i>	<i>Martes</i>	<i>Mércores</i>	<i>Xoves</i>	<i>Venres</i>
P.M. Valle Inclán/ Voleibol		17:00 a 18:00 ½ pista 18:00 a 23:00	19:00 a 23:00	17:00 a 18:00 ½ pista 18:00 a 23:00	17:00 a 23:00

Terceiro.- As condicións que rexerán as autorizacións de uso serán as seguintes:

- A autorización restrínxese a actividades de adestramento, non incluíndo nelas as competicións oficiais, que non seu caso deberán solicitarse expresamente acompañando o correspondente calendario de competición federativa.
- A autorización abrangue o uso de pista de xogo e vestiarios, e poderán acceder as persoas incluídas nas listaxes de deportistas certificadas e xa presentadas previamente polos clubs. Asemade, tamén poderá acceder a persoa que exerza a coordinación deportiva, así como o/a presidente/a do club, coa fin de que poidan presenciar os entrenamentos. Porén, deportistas e os seus adestradores son as únicas persoas que poderán entrar no pavillón autorizado con 15 minutos de antelación, e só para dirixirse a vestiarios, debendo abandonalos ao máis tardar 20 minutos despois de ter rematada a actividade.





- Se algún club desexa que se autorice o acceso aos adestramentos a outros membros da xunta directiva, deberá realizar a correspondente solicitude mediante unha instancia xenérica presentada no Rexistro Municipal a través da sede electrónica.

Cuarto.- De acordo co previsto no artigo 28 do RUIDM, esta autorización poderá revogarse por algúns dos seguintes motivos:

- a) Por necesidades de programación municipal.
- b) Por incumprimento das obrigas establecidas na presente normativa e nos requisitos de solicitude.
- c) Por causa de comportamento pouco cívico ou antideportivo, por parte de algún membro da entidade autorizada, sendo este comportamento reiterado e evidente, a xuízo dos responsables municipais.
- d) Por baixa asistencia dos membros da entidade, de xeito que reiteradamente, non cumpran cos mínimos de asistencia obrigatoria na autorización de uso. Entenderase baixa asistencia, cando unha entidade con adxudicación de horaria para uso dos pavillóns, falte máis de 3 ocasións aos adestramentos programados.

Recursos.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

